



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000042

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e sete minutos do día dezasete de decembro de dous mil vinte e catro, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 774 de data 16 de decembro/2024 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretario don Rafael Jose Del Barrio Berbel.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 10.12.24 (ORDINARIA).-

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 10.12.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### 2º.- APROBAR A AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHICULO ADSCRITO A LICENZA Nº 8, NÚM. DE EXPEDIENTE: 2024/V015/000001.-

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA N8 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Vista a aprobación da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2024 do inicio da tramitación administrativa para autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza de taxi nº 8 co seguinte teor literal:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA para AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENCIA DE TAXI N.º 8.**

Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 202400000003187 formulada por [REDACTED] con D.N.I. núm.

██████████ en data 4 de decembro do 2024 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 8 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Mercedes Benz Clase V con número de matrícula ██████████ e bastidor nº WDF44781313504936 asociado a licenza de taxi n.º 8 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características con número de bastidor WF03XXTTG3MA23314, matrícula ██████████ e modelo FORD TOURNEO CUSTOM.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia

*1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.*

*2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscrición temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.*

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

### **PROPÓN**

**Primeiro.-** Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 8 do Concello de Valdoviño.

**Segundo.-** Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”**

Recibido neste Concello, en data 12 de decembro de 2024, Informe favorable emitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de Mobilidade, sobre a solicitude de autorización de substitución de vehículo na Licenza municipal nº 8 e Autorización VT-N presentada por Antonio Castro Padín

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- Autoriza-la substitución de vehículo taxi e Autorización VT-N a Don** ██████████ dando as oportunas instrucións para incorporar dita modificación á Licenza nº 8 que ten outorgada a titular.

**SEGUNDO.-** Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia a través da aplicación R-taxi.

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/V015/000001).**

**3º.- APROBACIÓN DO GASTO PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS PARA O DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS E CENTROS EDUCATIVOS, NÚM. DE EXPEDIENTE 2024/S011/000008.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL: APROBACIÓN DO GASTO PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS PARA PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS E CENTROS EDUCATIVOS**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño

visto a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos

e visto o informe técnico da Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación:

**“INFORME SOBRE A ADQUISICIÓN DE LIBROS PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS E CENTROS EDUCATIVOS**

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño, en relación ao gasto que se presenta

**INFORMO**

1. Que no marco do programa municipal “Somos e Contamos” de Igualdade, conciliación e prevención da violencia de xénero existe a “Biblioteca para ser e sentir” unha biblioteca específica con exemplares de temáticas relacionadas coa educación afectivo-sexual, diversidade sexual, igualdade e educación emocional. Esta biblioteca sitúase no Departamento de Servizos Sociais e ten un sistema de préstamo activo que require de ampliar e actualizar a oferta de libros periodicamente.
2. Que durante os meses de outubro e novembro estivo a desenvolverse o Laboratorio LGBT+, unha iniciativa impulsada pola Deputación da Coruña, con actuacións de sensibilización no CPI Atios. Como parte da definición do dito proxecto e dentro da planificación de actuacións de prevención que se realizan dentro do programa mencionado Somos e Contamos, o Concello adquirirá un lote de libros para poñer a disposición do alumnado do dito centro educativo.
3. Que ambos proxectos requiren de facer o investimento neste momento para encaixar nos prazos das programacións e favorecer o impacto positivo na lectura dos nenos e nenas no período vacacional de Nadal.
4. Que para coñecer o importe solicítase orzamento á librería que existe no termo municipal (Xeila) e recíbese co seguinte desglose:

## BIBLIOTECA PARA SER E SENTIR

- LA REGLA MOLA. Menstruía. 15,95€
- EL SEMEN MOLA. Menstruía. 15,95€
- TU CUERPO MOLA. Menstruía. 15,95€
- EL PORNO NO MOLA. Menstruía 15,95€
- TORMENTA CEREBRAL. Daniel J. Siegel. 22,50€
- EL CEREBRO DEL NIÑO. Daniel J. Siegel. 22,50€
- EL CEREBRO DEL ADOLESCENTE. David Bueno. 12,95€
- POR DONDE SE SALE? Anabel González. 18.90

### 4. LOTE LIBROS LABORATORIO LGBT+. DEPUTACIÓN DA CORUÑA ( CPI Atios)

- LA REGLA MOLA. Menstruía. 15,95€
- EL SEMEN MOLA. Menstruía. 15,95€
- TU CUERPO MOLA. Menstruía. 15,95€
- EL PORNO NO MOLA. Menstruía 15,95€
- CON TANGO SON TRES. Justin Richardson y Peter Parnell. Edición en galego. 16€
- LGTB PARA PRINCIPIANTES. Daniel Valero Trigrillo. 16.00
- CHICA CONOCE CHICA. Rachael Lippincott 18,95€
- FUIMOS FUGACES. Andrés Luengo, 15€
- VIDAS TRANSgresoras. Ana Escudero Canosa e Anna Solà Andreu. 22,10€

5. Que o importa total suma 292,5 euros

Este é o informe que se emite para a súa aprobación polo órgano competente.

Asinado electronicamente en Valdoviño na data que figura á marxe pola Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios (Colexiada 3545)

### PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación do gasto de 292,5 euros para a adquisición dos libros que se indican no dito informe.

*Asinado electronicamente en Valdoviño na data que figura á marxe polo Alcalde, Alberto González Fernández.”*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/S011/000001).**

**4º.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2024, NÚM. DE EXPEDIENTE: 2024/A011/000002.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA CONCESIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS**

## FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2024.

Visto o informe de valoración das “Medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de agasallos de Nadal do ano 2024” emitido polo Departamento de Servizos Sociais visto o informe dos Servizos Económicos e a retención de crédito correspondente

e vista a acta da Comisión Avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 21 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 4 das bases (anuncio no BOP N° 227 de 25 de novembro de 2024), conformado por:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Rafael José Del Barrio Berbel (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía. Presidente)

e que se transcribe a continuación:

### ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2024.

Reunida a Comisión Avaliadora en relación ás solicitudes das *MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2024*, o día 12/12/2024 ás 09:30 horas, procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instrutor do procedemento, e que se transcribe a continuación:

*“INFORME SOBRE CONCESIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL DO ANO 2024.*

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ás bases que regulan a concesión de axudas de Medidas de apoio ás familias para a adquisición de agasallos de Nadal (anuncio no BOP N° 227 de 25 de novembro de 2024) e en relación ás solicitudes presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello*

**INFORMO:**

- *Que foron valoradas as 31 solicitudes presentadas na forma e prazo establecidos.*
- *Que agás dúas solicitudes, o resto foron solicitantes das Medidas de apoio ás familias para material escolar e transporte, polo que xa consta a documentación no Departamento de Servizos Sociais.*
- *Que a avaliación foi realizada segundo os criterios contemplados nas bases da convocatoria.*
- *Trala revisión das solicitudes polo equipo técnico do Departamento, valórase que:*

**4.1.CUMPREN os requirimentos establecidos nas bases, 27 SOLICITUDES:**

Nº	NOME	DNI	Nº MENORES	CANTIDADE CONCEDIDA
1	D. Rodríguez López	****9157Z	2	100€
2	J. Muiño Rodríguez	****1746R	2	100€
3	M. C. Gutiérrez García	****7213R	5	250€
4	M. A.Dopico Basoa	****0603P	1	50€

5	V. Morado Carballeira	****2575F	2	100€
6	M. I. Ameneiros Rodríguez	****6709Z	2	100€
7	R. Cabanas Vellón	****9200J	2	100€
8	A. M. Pedre Durán	****3475X	2	100€
9	J.Pico Muño	****9805W	1	50€
10	M. Aja Aneiros	****2571Q	2	100€
11	S. Dopico Vergara	****0702M	1	50€
12	C. Aneiros Fraga	****1147H	2	100€
13	I. Caneiro Hermida	****6708J	2	100€
14	L. Hermida López	****1716E	3	150€
15	M. C. Villasuso Galdo	****1357K	1	50€
16	E. Cabanas Vellón	****9882M	2	100€
17	A. Calvo García	****4651J	2	100€
18	M. R. Calvo Chao	****4817S	1	50€
19	P. Varela Fojo	****9276X	2	100€
20	M. R. Orizales Carrodegus	****2168L	2	100€
21	M. A. Ulloa Prat	****1214J	1	50€
22	J. A. Quijano Cárdenas	****2623G	2	100€
23	T. Soto Rodríguez	****0813Y	2	100€
24	A. Ramos Fernández	****8611E	2	100€
25	A. M. Seoane Bouzamayor	****1797B	1	50€
26	E. M. Rojas Julias	****2175Q	1	50€
27	X. M. Casas Vázquez	****4144N	2	100€
<b>TOTAL</b>			<b>50</b>	<b>2500€</b>

**4.2. NON CUMPREN os requirimentos establecidos en las bases 4 SOLICITUDES:**

Nº	NOME	DNI	MOTIVO DA DENEGACIÓN
1	M. J. Novo Pérez	****8345E	Superación do límite de ingresos establecidos en punto 6.5 das bases.
2	I.Alonso López	****6088R	
3	Y. Rodríguez López	****5993J	
4	M. A. Rioboo Paredes	****5855Q	

5. Que as solicitudes admitidas en prazo que cumpren os requisitos exceden o crédito retido en 200 euros.

6. Que no artigo 3 das Bases Reguladores recóllese o seguinte texto: “No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible. No caso de non ser posible a ampliación do crédito, procederase a realizar unha división proporcional entre as persoas solicitantes, se a cantidade final é aceptable e permite a realización do gasto obxecto da subvención”.

En base á dita aclaración consúltase aos Servizos Económicos a posibilidade de ampliar o crédito necesario e realízase para dar cobertura a todas as solicitudes.

7. Que en base ao anteriormente exposto, o total das axudas ascende a 2500 euros.

8. Que unha vez se resolva a subvención, as familias deberán xustificar mediante documentos formais e Anexo II debidamente cuberto e asinado entre o 7 e o 21 de xaneiro deste ano a compra realizada (facturas das compras realizadas ata o 31 de decembro de 2024).

Para aquelas familias con dificultade para realizar o gasto, existe a opción de solicitar a cesión do dereito de cobro, resultando disto o pagamento directo ao establecemento (Anexo III).

Este é o informe que se emite para que sexa elevado a Comisión avaliadora e que teña efecto a proposta de concesión de axudas para a súa aprobación no órgano competente.

**Asinado electronicamente en Valdoviño na data que figura á marxe pola Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios (Colexiada 3545)”**

Os membros da Comisión avaliadora aproban o informe presentado, coa correspondente aprobación do gasto por un importe total de 2500 euros:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Rafael José Del Barrio Berbel (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía. Presidente)

**Asinado electronicamente en Valdoviño na data que figura á marxe polos membros da Comisión”**

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

### **PROPOÑO:**

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de concesións das axudas para as Medidas de apoio ás familias para agasallos de Nadal do ano 2024, atendendo á acta da Comisión avaliadora, por un valor total de 2500 euros.

**Asinado electronicamente en Valdoviño na data que figura á marxe polo Alcalde, Alberto González Fernández.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A011/000002).**

**5º.- RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR ELENA ARES RIVAS, AUTORIZACIÓN Nº 54 , NÚM. DE EXPEDIENTE 2024/V008/000006.-**

“En data 05/12/2024, rexistrase co número 20240000003197, escrito presentado por [REDACTED] co [REDACTED] solicitando vado para acceso ao inmovible situado na Avda. Porta do Sol, nº 54, Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local de data do 10 de decembro de 2024, no que relata:

*“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza en Avd. Porta do Sol, 54 - Valdoviño, y que se identifica con el número de referencia catastral 9188412NJ6298N0001ZM, tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial que se denomina Avd. Porta do Sol.---*

*El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número 54 de la Avd. Porta do sol, será de cuatro metros.---*

*Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.---*

*Se adjunta una fotografía y plano de situación.---* “

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

.- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivenda unifamiliar.-

.- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar ao solicitante [REDACTED] co DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso ao inmueble situado na Avda Porta do Sol, nº 54 Valdoviño, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 54 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

**Segundo.-** Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros con setenta e seis céntimos (**14,76 €**); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

**Terceiro.- Expedir** o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/*

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/V008/000006).

**6º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE URBANISMO: PROPOSTA LEGALIZACIÓN DE SOPORTAL, TERRAZA TOLDO E ALMACÉN DE VIVENDA E DEMOLICIÓN DE AMPLIACIÓN “INVERNADOIRO” NA RÚA GÁNDARA DE ARRIBA NÚM. 30, NÚM. DE EXPEDIENTE: 2024/U026/000183.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 186/2024. Tedec: 2024/U026/000183**

**- Expte. de obras 186/2024.- [REDACTED] S.L. representada por [REDACTED] [REDACTED] - Para as obras de legalización de soportal, terraza, toldo e almacén de vivenda e demolición de ampliación “invernadoiro” na rúa Gándara de Arriba núm. 30, Valdoviño cuxa referencia catastral é o nº 9695117NJ6299S0001AW.**  
Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto de legalización de porche, terraza e ampliación para almacenamento dunha vivenda unifamiliar illada redactado polo arquitecto Javier Piñón Carro, colexiado núm. 3.154 no COAG e achegado xunto coa solicitude de licenza. .
- Proxecto de legalización de porche, terraza e ampliación para almacenamento dunha vivenda unifamiliar illada redactado polo mesmo técnico, visado o día 15.11.2024 polo COAG e achegado ao expediente o día 17.11.2024 (núm. rex. 202499900001975) en substitución do anterior.
- Plano A-11 reformado e escrito técnico achegado ao expediente o día 19.11.2024 (núm. rex. 202499900001982).

Outra documentación:

- Nomeamento de dirección de obra asinado polo arquitecto Javier Piñón Carro.
- Nomeamento de dirección da execución material asinado polo arquitecto técnico Rubén Quintián García.
- Modelos estatísticos da edificación incorporados ao expediente xunto coa solicitude de licenza.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atópase situada en en solo clasificado e calificado, como **solo urbano zona residencial extensiva**.

Considerando o disposto no informe do Arquitecto Técnico Municipal do 27 de novembro de 2024, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, **as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación**, debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] S.L. a licenza para as obras de **legalización de soportal, terraza, toldo e almacén de vivenda e demolición de ampliación “invernadoiro” na rúa Gándara de Arriba núm. 30, Valdoviño cuxa referencia catastral é o nº 9695117NJ6299S0001AW.**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica redactada polo arquitecto **Francisco Javier Piñón Carro** e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 27 de novembro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execucion material que ascende á cantidade de **20.942,10 €**, e co seguinte desglose: **Taxas 104,71 €.** **ICIO.- 481,67 €.**

**Cuarto.-** Aprobar o **prazo de execución das obras** que non poderá exceder os **12 meses**, dende a data de outorgamento da licenza.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U026/000183).**

#### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo polo secretario e polo alcalde/*